

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº19 / Ano: 2020 / 2º xornal Mes de novembro/ Estado de ínfimo sentidiño

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com

CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO PARQUE NACIONAL EN BUEU

No mes de febreiro do 2020, a Asociación PineirÓns dirixíase ao concello de Bueu co fin de que o seu Grupo de Goberno estudara a posibilidade de mercar algunha das casas simbólicas e representativas de Bueu para crear un Centro de Interpretación da Illa de Ons dentro do Parque Nacional.

Sería un atractivo cultural máis a engadir ao Museo Massó e ao Estaleiro de Purro o que redundaría como estímulo turístico cara a este municipio á vez de contribuír á desestacionalización tan necesaria neste sector e serviría para preparar a visita a este engaiolante arquipélago.

Páx. 1



FOTO APARECIDA EN FACEBOOK

Envíanme unha foto para que comente ou confirme se se trata da Illa de Ons.

Eu, sen negalo, dou a miña opinión sobre ela e déixoa tamén a xuízo dos lectores para que opinen, sobre a foto e o meu comentario.

Foto: Detalle da matrícula dunha das embarcacións.

Páx. 1



ONS NA MEMORIA

Neste número presento unha foto do Campamento, hoxe da Xunta, nos anos 80 cando foi creado, onde se aprecia a falla de arborado que facilite a sombra para unha mellor estancia dos rapaces.

Na foto que aquí acompaña, do ano 2006, case 20 anos despois da outra, vemos a diferenza. Aproveito para instar a Parques a que faga o mesmo e comece a plantación de árbores autóctonas nos lugares onde quitou acacias e eucaliptos.

Páx. 3

RECORDANDO A MANOLO FEIJUT

Cofreco na Illa como "Manolo Carallo" polo seu peculiar xeito de falar, foi un pintor que viviu na Illa máis de 10 anos dedicado á pintura. En varias entregas lembráremolo xunto aos seus cadros sobre Ons.

Páx. 5



O ARI EN ONS

Volve a saír publicado que aínda se pode solicitar o ARI para o Parque Nacional e que este remata o 31 de decembro de 2021. En Ons, se é que non prexudica aos veciños nas súas xustas reclamacións, podería ser unha axuda para rehabilitar as súas casas e edificacións anexas. Sería importante que tanto o concello de Bueu como Parques, informen aos veciños.

Páx. 3

ONS ARQUEOLÓXICA

Nesta entrega e despois de tocado o tema arqueolóxico da illa grande, Ons, falaremos sobre a pequena, Onza, aínda que moi pouco hai que falar dela arqueoloxicamente, pero non porque se investigara e non atoparan nada, non, senón porque, pola contra, ninguén puxo os pés alí para pescudar. Esperemos que parques o faga.

Páx. 4



CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO PARQUE NACIONAL, EN BUEU

A mediados de febreiro, a Asociación Cultural Pineiróns dirixíase ao concello de Bueu solicitando que nunha das varias casas emblemáticas de Bueu que están deshabitadas, se instale un Centro de Interpretación sobre o Parque Nacional, neste caso, referido á Illa de Ons como parte integrante del.

Sería un incentivo enorme para dar a coñecer a importante realidade da Comunidade socio-histórico-etnográfica-natural de Ons. Serviría tamén de enorme axuda para pescudar sobre a súa interesante Cultura Popular e formaría, xunto ao Museo Massó, o estaleiro de Purro e o Centro de Interpretación da Natureza de Cabo Udra un atractivo ecolóxico-cultural de enorme importancia para o concello de Bueu.

Informan que para levalo adiante poderíase pedir axudas a Parques Nacionais, ás Consellerías de Medio Ambiente e Cultura, podería entrar dentro do ARI do Parque,..., sen esquecernos da Deputación.

Expuñan que sería ideal que estivese formada por varias salas, segundo o espazo dispoñible, contando, principalmente, cun espazo de usos múltiples e unha biblioteca con lugar de traballo. Despois, a poder ser, que houbera varias salas dedicadas ás diferentes características illáns: historia, arqueoloxía, etnografía, natural: fauna e flora, económica: agricultura e pesca, arquitectura,...

Importantísimo contar cun Técnico Cultural profesional, que sería o auténtico dinamizador do Centro e del dependería a organización de todo tipo de actividades, reunións, estudos,..., faría de enlace entre administración e veciños, á vez tamén, organizaría reunións e plans de traballo entre investigadores-administración-universidade,...

Este Centro sería unha fase previa á realización de visitas de escolares, asociacións, investigadores, terceira idade,..., á Illa de Ons.

Pineiróns propoñía, despois de preguntar a persoas vinculadas ao mundo cultural de Bueu, como edificios adecuados as vivendas de Massó ou da familia Pin Cabanillas. Coidamos que é unha boa iniciativa sobre a que o Grupo de Goberno de Bueu tería que reflexionar.



Arriba: Casas de Massó.

Abaixo: Casa de Pin Cabanillas

FOTO EN FACEBOOK

CHALANAS REMOLCADAS DE ONS A BUEU?

Un lector enviame esta foto aparecida en Facebook o día 23 de decembro de 2013, segundo comenta, na páxina de <http://asfurnas.araosl.org/> e que, como pé de foto, poñía: < Dornas e chalanas , mariñeiros da Illa de Ons , remolcadas para a lonxa de Bueu, ano 1970Foto// Jose Israel Hermelo Martinez>, para que lle confirme se pode tratarse de embarcacións de Ons.

Despois de mirala ben e sen negalo rotundamente, teño as miñas dúbidas.

A primeira embarcación, non ten a feitura da dorna típica de Ons e a súa matrícula, penso, que no se adapta ás das rías de Pontevedra e Arousa.

As demais son chalanas de, como eu chámooas, dúas popas, típicas da zona de A Garda e dalgún punto da ría de Vigo. En Ons, creo, que non houbo nunca ese tipo de embarcación, agás puntualmente por algunha razón, e mesmo, cando a partires dos 60 s.XX comezaron a mercar barcos a motor, levaban como auxiliar chalanas de proa en punta. É por iso que dubido que esa foto corresponda a mariñeiros de Ons, eu a apuntaría máis á Garda e Portugal, ou a embarcacións que foran faenar alí doutros lugares.



Salgadoiro de Suxestións

Erro no Salgadoiro de Suxestións do Onstopus 18.

Santi, dixo só:

"*Esa especie non está incluída no meu Catálogo de cogomelos da illa de Ons do 2010*"

E eu engadín:

<É que aínda se dubida da súa veracidade>

Esta frase non é de Santi, é miña, e debería ir despois das comiñas. Esa expresión é debido a que, no intre que saíu na prensa publicada a aparición desa especie (2009) e que levaba o nome de "*Clitocybe auniosiana*" que ven de Aunios, consideramos que sería interesante solicitar un artigo ao seu descubridor para a revista cultural AUNIOS. Ao poñermos en contacto con varios micólogos para saber da súa dirección, comentáronos que esa especie, da que só apareceron eses cogomelos, non tivo un estudo científico adecuado, polo que é complexo aventurarse a catalogala. De aí o motivo de engadir o meu comentario.

Nota de Redación: Sobre o Castro Cova do Lobo

Cando recibín este apunte aparecido en Facebook e sacado por masquetpetroglifos.blogspot.com coa foto da zona de Cova do Lobo coa sinalización do posible emprazamento do Castro, vin a necesidade, tantas veces solicitada, dunha exhaustiva investigación arqueolóxica en Ons. Na foto falan de recinto e de muros, pero, se pescudou ben se eses muros eran parte dalgún cercado de sinalización de terreos veciñais, anteriores ou posteriores á última repoboación (1810)? Ou, se eses muros, poden ser parte dalgunha edificación máis moderna á etapa castrexa? Ao respecto, estou a preparar un pequeno artigo, que sairá en Aunios ou Os Galos este próximo ano, onde intento abrir ventás para investigar o por que dunhas instalacións militares nesa zona, realizadas no ano 1940/41, xusto despois da expropiación.

Sobre Onstopus 17. Ons Arqueolóxica. Castro de Cova do Lobo

Falabamos nese apartado da falla de catalogación do Castro de Ons, que si foi nomeado por varios autores pero que non tiña unha situación clara, nin tan sequera se existe como tal.

Despois de saír no Onstopus, Alonso Romero volveu a escribirmos dicindo sobre el: "*En ella se menciona la existencia del Castro do Lobo. Yo no recuerdo haber visto en Ons nada más que un castro, cuyo aspecto actual es todavía fácil de reconocer. Posiblemente esos hallazgos arqueológicos que se mencionan en el artículo procedan de alguna villa romana. Quizá cerca del pavimento romano que localicé hace años. De todos modos, lo importante es saber que son un testimonio que hay que unir a otros testimonios arqueológicos que ya conoces. De manera que podemos afirmar con toda seguridad que la isla de Ons estuvo habitada por lo menos desde la Edad del Bronce*".

Outro lector mandoume, sobre este mesmo tema. un traballo aparecido en Facebook en maio de 2013, con esta dirección:

[Más que Petroglifos: mayo 2013](http://masquetpetroglifos.blogspot.com/2013_05_01_archive.htm)

masquetpetroglifos.blogspot.com/2013_05_01_archive.htm
miércoles, 15 de mayo de 2013 ... 2.3.1. - Las islas Cíes y el mito de Casitérides, 2.3.2. - *Isla de Ons* 2.3.3. - Otras evidencias en las Rías Bajas Capítulo II 2.4.

Onde nomean e sitúan o poboado castrexo de Cova do Lobo na zona nordeste da Illa de Ons. Nel engaden un mapa do POLGalicia, onde indican e sinalan o recinto e os muros perimetrais.





ONS NA MEMORIA PRIMEIROS CAMPAMENTOS

Aínda que antes houbera Campamentos ocasionais, vai ser a partir de 1980 cando se institucionalizan os Campamentos xuvenís e os Campos de Traballo na Illa de Ons.

Esta foto de 1982 déixanos ver o lugar onde foron emprazados, no barrio de Pereiró, e como escolleron unhas terras chans, que eran de labradío, para asentalo.

No centro, á dereita, vemos o comedor que, á súa vez, facía de lugar de actividades e que antes de ser pechado pola súa fronte, semellaba a feitura dunha típica gasoleira.

Algo que chama a atención, é que fose instalado nunha zona sen árbore ningún que dera algo de sombra e que facilitara a estancia nos días de sol, á vez de amparalos dos ventos dominantes.

Sen embargo, teño que dicir a favor dun dos administradores que tivo estes Campamentos, do que sinto non recordar o seu nome, que mandou un informe a Cultura, organismo que xestionaba estas instalacións, para levar a cabo unha plantación de árbores e arbustos co fin de facer máis levadía a estancia dos rapaces.

Conseguíno e, ao ano seguinte e en posteriores, levouse a cabo unhas plantacións arbóreas que agora, case 30 anos despois, dan a sombra suficiente para unha máis cómoda estancia.

Con isto quero instar a Parques para que tome boa nota dun bo facer e que, polo menos nun primeiro intre, nas zonas que fixeron cortas de acacia e eucalipto, sexan substituídas por árbores autóctonas.

A VOLTAS CO ARI DO PARQUE NACIONAL

Xa o tocamos no Onstopus 17, páx.4, onde informabamos sobre el e comentabamos a falla dunha reunión de Parques ou Concello de Bueu cos veciños de Ons para informarlles sobre a posibilidade de aproveitarse destas axudas, sempre e cando, non prexudiquen os dereitos veciñais sobre as súas vivendas. Agora de novo volve a saír o tema con estas palabras:

<VI408G - Cualificación definitiva para participar no Programa de rexeneración e renovación urbana e rural no ámbito da ARI dos camiños de santiago ou da ARI do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Prazo de presentación: ABERTO. 03/07/2019 - 31/12/2021
O prazo de presentación de solicitudes de cualificación definitiva das actuacións abrirase o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia e finalizará, en todo caso, o 31 de decembro de 2021.

Sen prexuízo do anterior, mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS poderase pechar o prazo para a presentación da solicitude de cualificación definitiva, en atención ao financiamento previsto nos correspondentes acordos específicos asinados no seo da Comisión Bilateral. A resolución de peche do prazo de presentación de solicitudes publicarase no DOG e na páxina web do IGVS.

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento...> >

Cando saquei este tema por primeira vez a mediados de outubro, un lector dirixiuse ao xornal dicindo que o que ten que expoñelo aos veciños e prestar axuda técnica para solicitar estas axudas era o Instituto Galego da Vivenda e Solo e non o Concello. Sen entrar en debate, Ons pertence ao Concello de Bueu e debería ter, ao igual que calquera outra parroquia ou lugar do municipio, unha atención municipal e do Grupo de Goberno.

Sen entrar tampouco no tema, pode ser que non poda facer inversións na Illa pola falla de competencias, segundo din, pero si pode, polo menos, facer algo máis que ir buscar os votos e, entre o que pode realizar, é informar aos veciños por medio dunha reunión, xunto coa AA.VV. da Illa, e así estudar a posible conveniencia de solicitar esas axudas ou non, prestar a axuda técnica necesaria, xa que, xunto coa Consellería, eles teñen que dar os permisos e saben perfectamente que tipo de obra se pode realizar,...., e, dende logo, axudar, á vez de facilitar aos veciños unha mellor calidade de vida nas súas casas illáns, a mellorar a magnífica Arquitectura Mariñeira da Illa de Ons facilitando ideas ao respecto, segundo o que queiran realizar.

Sobre este asunto do ARI tamén teñen moito que dicir os membros dos Grupos da Oposición, xa que só se acordan de Ons no momento das eleccións, e non se dan conta que o voto conséguese día a día, estando ao lado do pobo, neste caso dos veciños de Ons.



Sublevación de colonos

Según comunican de Pontevedra, días pasados se sublevaron los habitantes de la isla de Ons, negándose á reconocer los derechos del propietario de la misma, de quien todos ellos son colonos.

La isla de Ons, pertenció, como es sabido, al último marqués de Mos, habiéndola enagenado la marquesa viuda, poco después del fallecimiento de aquél, á dos personas, una de las cuales, residente en Vigo, se quedó más tarde con la propiedad completa en virtud de arreglos hechos con su copartícipe.

Poco después de esta separación, comenzaron los colonos á colocarse en actitud hostil contra el propietario, oponiéndose al cumplimiento de las obligaciones que con él tenían, talándole el arbolado y realizando otros actos de *sabotage*. Un día se opusieron á que entrasen en la isla ciertas reses vacunas que el dueño de ella enviaba para aumentar las que allí ya tiene y se hallan en poder de los colonos, en aparcería. Otro día, obligaron á salir de la isla á los sirvientes del propietario que cuidaban de la casa habitación de éste. Por último, realizaron la revolución en forma, proclamándose únicos dueños de la isla.

Los colonos, armados con toda clase de instrumentos ofensivos, desde el fusil y la escopeta hasta el palo y la hoz, se alzaron en masa y gritando y disparando tiros, arremetieron contra los únicos representantes de la autoridad que en la isla quedaban, dos guardas jurados, obligándoles á abandonar la isla como única manera de salvar la vida.

Entre los colonos y sus familias, componen la población de la isla cerca de 400 almas.

DIARIO "EL COMPOSTELANO". <SUBLEVACIÓN DE COLONOS DE ONS>

Arredor de 1911, un veciño da Illa, Sr. Bernadal, aluga Ons á familia do Marqués de Valladares. Bernadal, traballaba xa para o Marqués e era o que levaba todo na Illa, coma un capataz encargado. Á vez, coñecía moi ben aos veciños e sabía como manexalos.

No 1919, o médico forense Manuel Riobó, chegado de Filipinas con cartos, montou negocios pola zona do Morrazo e, entre eles, decidiu asociarse a Bernadal para a compra da Illa aos herdeiros do Marqués. A compañía non foi alá moi ben e, en pouco tempo, Riobó merca a súa parte a Bernadal e faise coa propiedade total de Ons.

Si Bernadal non tiña moita simpatía entre os veciños pola súa déspota e opresora actitude, Riobó, non ía a ser menos, quizais motivada, segundo contan, polo proceder que tivo o Sr. Bernadal despois da venda, que bo coñecedor da idiosincrasia dos veciños, púxoos en contra del, provocando serios conflitos, dos que dá conta o xornal O Compostelano, que obrigou ao Sr. Riobó á busca de solucións, entre as que está unha Acta de Conciliación cos veciños, coido que realizada dun xeito pouco lícito, e que trouxo, sen ter coñecemento os veciños polo seu atraso educacional, do contido dese documento e das posibles repercusións negativas que lles ía a traer no futuro.

Ese documento foi realizado e pactado só con algúns veciños que asinaron no nome de todos. Que lles ofrecería a cambio aos asinantes o Sr. Riobó? Queda no aire a pregunta, pero o que está claro é que ese documento necesita unha sería e exhaustiva investigación para coñecer a súa legalidade, xa que está a repercutir sobre a lexítima reivindicación veciñal sobre a propiedade das casas que os seus antepasados construíron con moito esforzo económico e vital.

Aquí queda outra ventá aberta para a investigación.

NOTA: Vese no artigo periodístico un certo ánimo de apoio ao capitalista propietario, poñendo aos veciños, case, como uns ferozes violentos. Uns veciños que non tiñan nin para vestir nin comer, sen embargo, si posuían fusiles e escopetas? Soa todo un pouco raro, non?



ONS ARQUEOLÓXICA.

<EXISTEN RESTOS ARQUEOLÓXICOS NA ILLA DE ONZA?>

Rematada a visita arqueolóxica pola Illa maior, imos nomear a pequena, Onza, aínda que só sexa iso, nomeala.

Como estivemos vendo ata o de agora, os estudos arqueolóxicos sobre os restos que hai en Ons foron nulos, aínda que si moi ben catalogados; entón, se coas facilidades que hai para investigar na grande e non se fixo, que imos a pedir da pequena? Loxicamente, nada. Pero non a deixaremos atrás. En Onza, na súa banda sur, podemos ver o que son os restos dunha pequena construción. Segundo puidemos pescudar, realizouse pola Mariña para salvagardar ao remolcador da Armada Cíclope que nunha noite de forte temporal, embarrancou nos pequenos cantís desta pequena Illa. Como non se puído quitar do sitio e co fin de que non foxe espoliado, a Mariña tivo alí un pequeno retén, segundo os veciños, de 2 – 3 mariños para vixilancia. Esta caseta servía para albergalos nos días de choiva ou temporal, para durmir e quizais para cociñar e comer. Debido ao hermetismo que hai no exército para poder investigar nos seus arquivos, temos que servirmos dos veciños para sacar algún dato en limpo.

Estes veciños tamén nos contaron que na parte superior da Illa hai uns muros que no seu día puideron ser algún tipo de construción, quizais máis vinculada a tarefas gandeiras para vixilancia do gando ou de caza, máis que militares.

De novo dicir aquí, que dende a administración (Parques) deberían facilitar o estudo desta Illa en plan arqueolóxico e non poñer tantos impedimentos. Pineiróns pediu en varias ocasións permiso para achegarse a ela xunto co historiador Fernando Alonso Romero, María Castroviejo e o arqueólogo Martín Almagro Gorbea, pero deron a calada por resposta. Seguiremos intentándoo.

MANUEL FEIJOÓ RODRIGUEZ. MANOLO FEIJUT. “MANOLO CARALLO”

Coñecino en Ons a finais dos 70 s.XX. Chegou un día a Ons quedando fortemente engaiolado dela e no barrio de Pereiró, na casa do Cambados, estivo vivindo un bo número de anos, dedicándose ao que máis lle gustaba facer, pintar. Da man de Pepe Posada (Empresario ourensán fundador da fábrica Marrón Glace), realizou un exposición en Caixa Ourense, onde os seus cadros, moitos relacionados coa Illa, e o seu xeito de entender a pintura, tiveron unha gran acollida pola crítica. Persoa bohemia, moi simpática, ocorrente,..., pronto fixo boas migas cos illáns que, polo seu xeito de falar, pois de cada dúas palabras soltaba un <carallo>, en Ons era coñecido como “Manolo Carallo”, tal era o costume do emprego desa palabra tan galega que, ata ao seu can lle puxo de nome <Carallo>.

Deixou a Illa cando o turismo provocou un cambio na vida social do arquipélago e, entre outras cousas, xa non se encontraba a gusto e a súa liberdade veuse truncada. Regresou ao seu Ourense e pasou a vivir e seguir pintando, nunha casa solitaria, á beira dun río, ata o seu falecemento.

En varias entregas quero facer unha homenaxe a Manolo Carallo, deixando aquí as súas palabras, tal como el as escribiu no ano 1985, e os seus cadros. Asinaba os seus cadros co nome de “Manolo Feijut” ou con “Feijut” só. Aquí comeza a súa singradura:

Lembranzas da illa de ONS (I)

Nas miñas longas singladuras, desde as costas de Terranova no inverno e Groenlándia no verao, topaba pola proa do barco nas recaladas en Vigo coa illa de ONS. Polo día erguía-se maxestuosamente do mar, coroada polo faro, e de noite vían-se por detrás do horizonte os destellamentos da súa Luz intermitente. Este foi o meu primeiro contacto coa fermosa illa e aínda que lonxana, algo me atraía a ela, algo me levaba alá.

Pasados algúns anos, topei en Madrid, un día, co meu bon amigo Celso Emilio Ferreiro, xa levado agora para a outra beira do mar da morte. Deveu de encontrar-me tan escangallado que me dixo o seguinte: "Manolo, ti que capeache máis temporais na terra que no mar precisas dunha boa reparación". Tomamos unhas cantas tazas de viño, nun mesón galego e a cousa quedou niso.

Pasou algún tempo polas miñas cuaderñas e aquelas palabras petaban-me no peito como as andanadas de artillaría lanzadas por un vello galeón. Pensei que quizá non estivese desencamiñado pois me encontraba mui próximo ao desguace... Continuará...

Feijut



Foto arriba: Manolo Carallo no ano 1978, na casa que habitaba na Illa, no lugar de Pereiró, coñecida como “A do Cambados”.

Foto dereita: Un dos seus cadros onde reproduce a casa do “Cambados”.


Vese arriba, á esquerda, a última casa do barrio, ocupada no ano 1980 pola administración para almacenamento de víveres para os campamentos.



<https://www.caimanediciones.es/ons-alfonso-zarauza>

Ons (Alfonso Zarauza). SEFF 2020 – Special Screen

Un matrimonio se refugia en la isla de Ons, en Galicia, tras sufrir un hecho traumático en sus vidas que ha puesto a prueba su relación y que ha llevado al marido a un estado de depresión. Utilizando esta premisa argumental como punto de partida, el director gallego Alfonso Zarauza, que firma el guion junto a Jaione Camborda, plantea una película con una fuerte carga psicológica, en la que las palabras y los gestos se funden con el paisaje y con el mar, un entorno que se convierte con su naturaleza salvaje en un personaje más de la narración. Con un sentimiento introspectivo y un planteamiento poético que cuestiona la representación, la película comienza a adentrarse en terrenos donde realidad y ficción se entrecruzan con un singular aire de misterio y extrañeza.



Despois da magnífica exposición que se levava a cabo o ano anterior polo antropólogo Staffant Mörling nunha das aulas da antiga escola (hoxe Centro de Visitantes) sobre as Ons dos anos 60, a Asociación PineirÓns solicitou permiso e axuda a Parques para realizar, ao ano seguinte, outra exposición fotográfica sobre as Ons dos anos 70-80. Estas exposicións constituíron un enorme éxito entre veciños e visitantes e estiveron expostas durante todo o verán (2007 unha e 2008 a outra). Hoxe as escolas, onde se expuxeron, albergan ao Centro de Visitantes. Coido que esas instalacións, con 10 anos de existencia, necesitan un reaxuste e renovación e, á beira das exposicións permanentes, deberían ter un espazo para albergar exposicións ocasionais, charlas, presentacións,..., sobre o Parque e Ons en particular, que sabemos son moi demandadas polo público e que darían un aire renovador, máis activo e dinámico, demostrando con iso a aposta de Parques, citada constantemente no PRUX, por un Parque e unha Illa de Ons máis centrada no espazo investigador e divulgador das súas importantísimas características, que en sol e praia.



UNA MIRADA DIFERENTE


Ons en el túnel del tiempo

La antigua escuela de la isla acoge una muestra de sesenta fotografías antiguas

David García / BUEU



Imagen de la última regata de dornas celebrada en la isla de Ons, durante las fiestas de San Xaquín. / FOTOS CEDIDAS POR TINO PARDELLAS



El embarrancamiento del remolcador "Ciclope" en la isla de Onza, en octubre de 1952. / T.P.

La antigua escuela de isla de Ons se ha convertido en una especie de túnel del tiempo. El verano pasado acogió una celebrada exposición fotográfica del antropólogo Staffant Mörling y ahora le toca el turno a Tino Pardellas, que expone 60 imágenes que se centran especialmente en la década de los setenta e inicios de los ochenta. Es un recorrido gráfico por la vida cotidiana, las tradiciones, costumbres e incluso quedan reflejadas algunas visitas que podrían ser consideradas históricas. En esta iniciativa, que se puede visitar hasta septiembre, participa el Parque Nacional Illas Atlánticas, que cedió el inmueble y se encargó del montaje.

La mayoría de las fotografías fueron tomadas por Pardellas, que es el vicepresidente de Pineirons. Aún así, hay alguna foto cedida y una de las más famosas es el embarrancamiento del remolcador "Ciclope". Este suceso es de los más recordados en Ons, ya que el buque pertenecía a la Armada y encalló frente a Onza, en octubre de 1952. Volvía hacia Marín tras participar en unas prácticas de tiro, cuando en mitad de un fuerte temporal se quedó sin máquina. La tripulación intentó evitar que se acercase a las rocas, pero sin éxito, y durante la maniobra para abandonar el barco perecieron varios de sus miembros.

Sin embargo, esta fotografía es casi una excepción ya que la mayoría son de los años setenta. Éste es también una de las razones del éxito de la exposición y de la gran afluencia de público. "Hai moita xente que está viva e recoñécese nalgunhas das imaxes", cuenta su autor. Su intención es continuar con la iniciati-



Manuel Fraga y Xosé Luis Barreiro Rivas en una visita a Ons, a bordo de un tractor. / T.P.

va en los próximos años, pero abordando en cada edición un tema distinto ya que este año tiene un carácter más genérico. "Teño moito material e pódense abordar temáticas relacionadas coa pesca, etnografía, festas ou incluso de visitas de famosos", explica Tino Pardellas.

La presencia de personajes populares o incluso políticos es uno de los aspectos que mayor curiosidad levanta. En esta ocasión, hay dos fotografías que resultan especiales. Una es la que recoge la visita de Julio Iglesias a la isla y en la que se dejó fotografiar en el restaurante de Checho.

Eran finales de los setenta y el cantante se encontraba en Vilagarcía, desde donde decidió acudir hasta Ons. Otra de las imágenes conocidas es una visita de Manuel Fraga y Xosé Manuel Barreiro Rivas. Ambos políticos, con unos cuantos años menos, volvían de visitar la recién inaugurada zona de acampada en Pereiró y utilizaron como medio de transporte el único tractor que había en la isla en aquel entonces. Uno de los detalles más curiosos es que ese vehículo era el que se utilizaba normalmente para trasladar la basura, lo que causó más de un comentario.



El cantante Julio Iglesias fotografiado en el restaurante de Checho. / T.P.



Varias dornas en la playa conocida como Praia das Dornas. / T.P.